

# XXIII Premio de Investigación 2022

## Xesús Ferro Couselo

### 1ª Modalidade:

#### TEMA

Os traballos de investigación presentados circunscribíranse ao ámbito galego, dentro da especialidade da Etnografía, Paleografía, Numismática, Arqueoloxía, Historia ou Historia da Arte.

#### TRABALLOS

Cada autor/a poderase presentar cunha ou máis obras.

Os traballos presentados deberán estar escritos en lingua galega, ser inéditos e non ter obtido ningún premio anteriormente neste concurso ou en calquera outro.

Os traballos deberán ter unha extensión dun mínimo de 50 e un máximo de 300 páxinas.

**PREMIO:** O Premio estará dotado con 4000 euros.

### 2ª Modalidade:

Na 2ª Modalidade, o XXIII Premio de Investigación Xesús Ferro Couselo convoca 1 bolsa de estudos.

#### TEMA

Os proxectos centraranse en estudos Históricos, Etnográficos ou sobre Persoeiros do Concello de Valga.

#### TRABALLOS

As persoas participantes presentarán un guión razoado onde se detallará:

- Os obxectivos que se pretenden acadar co traballo.
- A metodoloxía que se vai empregar.
- As distintas fases de realización do traballo coa temporalización de cada unha das fases.
- Calquera outro contido que se estime oportuno para a valoración do proxecto.

#### PREMIO

Esta bolsa estará dotada con 3000 euros. O 25% da bolsa entregarase unha vez fallado o premio e o 75% restante ao remate do traballo.

#### CONDICIONANTES

O xurado fará un seguimento do desenvolvemento do traballo premiado, podendo anular en calquera momento a concesión da bolsa se non se cumprisen as fases de realización ou os

### Bases comúns a ámbalas dúas modalidades:

#### PRESENTACIÓN

Os traballos presentaranse baixo lema.

Entregaranse 5 copias tamaño A4, con fonte Arial tipo 12 e interlineado simple.

Os traballos teñen que presentarse baixo lema, que tamén figurará no exterior da plica onde se incluírán o nome e apelidos, enderezo, teléfono do/a autor/a.

**ENVÍO:** Os traballos dirixíranse ao **Registro de Entrada do Concello de Valga**  
Avda. da Coruña, nº14  
36645 Valga ( Pontevedra)

#### PRAZO DE ENTREGA

O prazo de presentación de traballos será ata o día 25 de abril de 2022.

#### XURADO

O xurado estará constituído por catro especialistas no campo da investigación, designados pola Comisión de Cultura do Concello, que se reservará para si a Presidencia e a Secretaría. O/A Secretario/a terá voz, pero non voto.

A composición final do xurado farase público na páxina do Concello de Valga [www.valga.gal](http://www.valga.gal) e en medios de comunicación.

#### FALLO

O fallo, nas dúas modalidades, daranse a coñecer a finais de xullo de 2022.

#### PUBLICACIÓN

O Concello de Valga resérvase o dereito de publicación.

#### FINAL

O xurado, se considera pertinente, poderá dividir o premio, concedéndollelo como máximo a dúas obras. Poderá declararse deserto, sempre que os traballos non acaden a calidade desexable.

As obras premiadas quedarán en poder do Concello de Valga. As non galardoadas poderán ser retiradas persoalmente polos/as seus/súas autores/as no prazo dun mes a partir do fallo do xurado.

A Comisión Informativa de Cultura do Concello estará facultada para resolver todas as dúbidas que poidan xurdir da interpretación destas Bases.

O feito de concursar obriga aos/ás autores/as a aceptar as bases desta convocatoria.

Para ver as bases completas visite [valga.gal](http://valga.gal)

O feito de concursar obriga aos/ás autores/as a aceptar as bases desta convocatoria.

Para ver as bases completas visite [valga.gal](http://valga.gal)



Información:

**Concello de Valga**

Departamento de Cultura  
Telf. 986 55 94 56  
36645 VALGA (Pontevedra)  
[concello.valga@eidolocal.es](mailto:concello.valga@eidolocal.es)  
[www.valga.gal](http://www.valga.gal)

